

ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: 25/05/20 – 29/05/20

MATERIA: EPVA

CURSO: 4º A, B

PROFESORA: ESTHER

CONTACTO: esther.firvida.profe@gmail.com


MÉTODO DE CORRECCIÓN: envío de fotografías por mail, ao enderezo indicado.

ACTIVIDADES

Ola, ola!!!!

Esta semana imos xogar coa xeometría!

- Repaso de conceptos básicos.
- Explicación e datos para construír un TANGRAM.
- A xogaaaar!!!!




O **TANGRAM** é un crebacabezas de orixe china integrado por **7 pezas xeométricas** dispostas nun taboleiro cadrado. O obxectivo do xogo é formar siluetas coas pezas sen superpoñelas.

Este xogo tradicional de China emprégase tanto con fins **pedagóxicos como psicolóxicos**. Úsase para fortalecer o desenvolvemento do pensamento matemático desde a nenez, desenvolver capacidades relacionadas coa intelixencia, e como entretemento na resolución de problemas.

BENEFICIOS: Este crebacabezas de sete pezas axuda a **fortalecer as capacidades de razoamento dos nenxs**. Ademais, permítelles a estimación de resultados a partir de buscar distintas vías para a resolución. De feito, posibilita comparar resultados, así como tamén ideas, a súa exposición e o seu confrontamento.


As 7 pezas xeométricas que o compoñen son:

- a. Un cadrado
- b. Dous triángulos rectángulos isósceles pequenos
- c. Dous triángulos rectángulos isósceles grandes
- d. Un triángulo rectángulo isósceles mediano
- e. Un romboide




A continuación, indícosos como fabricar o voso tangram: podedes facelo en papel, cartulina, cartón, goma-eva, madeira... e despois pintalo ou non; ao voso gusto.

Paso 1: debuxar no material elixido un cadrado ademais de lado = 16 cm.




Paso 2: Dividir cada lado en 4 partes iguales e trazar a cuadrícula correspondente, que nos servirá como guía para realizar as seguintes liñas.

Paso 3: Aproveitando as guías debuxadas no paso anterior, agora debuxamos co lapis, de maneira máis intensa, as novas liñas tal como se amosan na seguinte ilustración.




Paso 4: Agora toca recortar as pezas que debuxamos axudándonos das tesoiras, o cúter ou a serra, dependendo do material que empregamos. Teñen que saír 7 pezas denominadas "Tans": dous triangulos grandes, un mediano, dous pequenos, un cadrado e un romboide.




Paso 5: Neste paso xa só queda personalizar os Tans pintándoos da color que nós queiramos, con rotuladores, acuarelas, témperas, sprais...

Paso 6: Xa tes o teu xogo rematado, así que xa só queda empezar a xogar. Aquí van as figuras que tes que facer (nun par de semanas enviarei as solucións pero, de momento, dálle ti ao coco, e envíame fotos das que consigas ;D




1. Peixe



2. Montañas



3. Canciño



4. Pavo



5. Frecha




6. Camisa



7. Bailarín



8. Árbore



9. Persoa 1



10. Persoa 2




11. Persoa 3



12. Persoa 4



13. Cabra



14. Gato



15. Camelo



16. Oso

